

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 3 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego. (Código de procedemento IN224A-presentación electrónica).

A Consellería de Economía e Industria (en diante, a consellería) está a desenvolver o Plan Ágora, agora Re-comercia, que inclúe un programa específico de fomento do comercio rural.

A consellería, consciente da necesidade de recuperar e dinamizar a economía en xeral e o comercio do medio rural en particular, está definindo un modelo comercial axeitado á realidade do territorio, dirixido a promover e potenciar os establecementos multiservizo. O obxectivo central é frear a tendencia de peche dos establecementos comerciais no rural, adaptando a oferta ás novas demandas e necesidades do rural e adecuándoos á lexislación vixente.

A Rede de Comercio Rural Galego está dirixida ao mantemento dos establecementos comerciais, que proporciona:

-Abastecemento de produtos e servizos básicos nas zonas rurais, así como dun punto de socialización da parroquia.

-Dinamización da economía do rural, dotándoa de servizos de calidade.

-Unha canle de distribución dos produtos locais que contribúa ao desenvolvemento da economía das zonas rurais.

-A inserción das mulleres no mercado de traballo no rural. O comercio rural supón unha importante fonte de emprego para as mulleres (o 64% dos comerciantes son mulleres).

-Unha mellor atención dos visitantes e turistas no rural.

-Modernización na xestión dos establecementos.

-Dotación de servizos tecnolóxicos no rural, punto de acceso á internet nos establecementos.

Vaise diversificar a oferta de produtos e servizos e facer unha aposta pola oferta de calidade, como medida para atraer novos clientes aos comercios rurais, como poden ser visitantes e turistas, conseguindo así unha maior clientela potencial que permitirá a viabilidade económica dos establecementos.

A consellería é consciente de que a calidade é un factor chave para a prestación dun servizo eficiente e é de crucial importancia para a supervivencia de calquera empresa, polo que, a través de exhaustivas auditorías aos establecementos adheridos, se garanten uns estándares mínimos de calidade e se preten-

de establecer como garantía de fiabilidade e calidade, a través do selo Comercio Rural Galego nos establecementos adheridos á rede.

A marca Comercio Rural Galego mantén unha unidade de deseño que permite identificar os establecementos adheridos como multiservizos da rede. Os establecementos adheridos empregan unha imaxe corporativa común. O cliente que entre nun establecemento de comercio rural ten que saber o que vai atopar, o que virá dado polo cumprimento dunhas normas de calidade na rehabilitación do local e referencias comúns na oferta, no servizo, no equipamento e na atención ao cliente que se estableceron nos manuais da rede.

A consellería pretende con isto a dignificación do sector comercial no rural.

A Dirección Xeral de Comercio pon en marcha unhas subvencións públicas para a adecuación de novos establecementos comerciais, a rehabilitación e reforma dos existentes e mais a adquisición do equipamento preciso para a mellora nos servizos.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas cales se rexerá a concesión de subvencións da Consellería de Economía e Industria para fomentar a adhesión ao selo de Comercio Rural Galego de pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2010.

3. Para a concesión destas subvencións destínase un crédito de 1.020.000 € que será imputado á aplicación orzamentaria 2010.08.03.751A.770.4, Mellora competitiva do comercio polo miúdo. Rede Comercio Rural Galego, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2010.

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario da subvención deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo III desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 5º das bases reguladoras.

2. A Consellería de Economía e Industria velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguranza técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros. Non obstante, a Consellería de Economía e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo, edificios administrativos de San Caetano-San Caetano s/n, 15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que se poderá atopar na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta.

Artigo 3º.-*Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

1. Os formularios de solicitude de axuda deberaos obter, cubrir, validar e imprimir necesariamente a persoa solicitante a través da aplicación informática «Axudas Virtual» (procedemento IN224A-presentación electrónica), dispoñible no seguinte enderezo da internet:

<https://axudasindustria.xunta.es/att>

Tamén se pode acceder na oficina virtual desta consellería, sita no enderezo da internet <http://economiaeindustria.xunta.es> e no enderezo <http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia> da Xunta de Galicia facendo uso da ligazón dispoñible co procedemento IN224A.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse ao Servizo de Ordenación, a través do teléfono 981 54 55 94, do número de fax 981 54 55 41 ou do enderezo de correo electrónico cei.dxcomercio@xunta.es, que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación por escrito de solicitudes.

Os anexos desta convocatoria publícanse no *Diario Oficial de Galicia* exclusivamente para os efectos informativos, e é necesario empregar a aplicación informática indicada para a obtención dos formularios de solicitude.

A presentación de solicitudes farase por vía escrita (en soporte papel) ou en formato electrónico ante o rexistro telemático da Xunta de Galicia, logo da obtención e formalización dos formularios de acordo co previsto neste artigo.

2. As solicitudes presentaranse preferentemente no rexistro da Xunta de Galicia, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes tamén poderán presentarse en formato electrónico, en vez de en papel, ante o rexistro telemático da Xunta de Galicia, mediante sinatura electrónica do/a representante legal do/a solicitante ou persoa que o/a representa e cando non sexa preciso presentar ningunha documentación en papel, e teranse que cumprir os seguintes requisitos:

O/a presentador/a deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma. Os prestadores recoñecidos son: DNI electrónico, Camerfirma, izenpe, CATCert (Axencia Catalá de Certificación), ANF AC, SCR (Servizo de Certificación dos Rexistradores), ACA, ACCV (Autoridade de Certificación da Comunidade Valenciana), Ancert (Axencia Notarial de Certificación), FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre), Firma profesional e Banesto CA.

3. Xunto cos formularios de solicitude deberá anexarse en formato electrónico a documentación a que se fai referencia no artigo 7º.2 do anexo I de bases reguladoras. Para isto, no proceso de formalización telemática permitirase anexar á solicitude os arquivos informáticos necesarios. No caso de presentación telemática, unha vez asinados co certificado dixital do presentador os formularios normalizados, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao rexistro telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no rexistro de entrada e, nese momento, expedirase, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no cal quedará constancia do feito da presentación.

4. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Para estes efectos, entenderase que o prazo vence o día cuxo ordinal coincida co que serviu de partida, que é o de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e, se é festivo, o primeiro día hábil seguinte.

Artigo 4º.-*Prazo de duración do procedemento de concesión.*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a seis meses.

Artigo 5º.-Información ás persoas interesadas.

1. Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN-224A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Comercio, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería: (<http://economiaeindustria.xunta.es>), na súa epígrafe de axudas e na oficina virtual.

b) O teléfono 981 54 55 94 e o fax 981 54 55 41 da devandita dirección xeral.

c) O teléfono gratuito da Rede de Comercio Rural Galego 900 10 20 94.

d) O enderezo electrónico cei.dxcomercio@xunta.es.

e) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

2. O funcionamento da Rede de Comercio Rural Galego recóllese nos manuais da rede que se poden consultar na páxina web: www.comercioruralgalego.com.

*Disposicións derradeiras**Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase a directora xeral de Comercio para ditar as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para fomentar a adhesión ao selo de Comercio Rural Galego de pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego

Artigo 1º.-Obxecto e réxime da subvención.

1. A subvención regulada por estas bases ten por obxecto fomentar a adecuada dotación comercial no medio rural (oferta de produtos de primeira necesidade e servizo de hostalaría), así como promover a modernización dos establecementos situados en zonas rurais e a adhesión ao selo de Comercio Rural Galego.

Para os efectos desta orde considéranse comercios rurais os situados en:

a) Concellos de menos de 5.000 habitantes, de acordo co establecido no Real decreto 1918/2009, do 11 de decembro, polo que se declaran oficiais as

cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2009.

b) Núcleos de poboación que non superen os 1.500 habitantes, situados en concellos de máis de 5.000 habitantes, con ou sen planeamento municipal vixente.

2. O procedemento de concesión desta subvención tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderá exceder os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE nº L379/5, do 28-12-2006). Non se poderán conceder subvencións ás empresas dos sectores excluídos do dito regulamento.

3. Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitable respondan á natureza da actividade subvencionable.

En concreto, considéranse actuacións subvencionables, sempre que sexan levadas a cabo desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o límite do prazo de xustificación que consta no artigo 17º.1 destas bases, as seguintes:

a) A adecuación de novos locais comerciais ou reforma e/ou ampliación dos existentes, nos cales a sala de vendas de comercio en réxime de autoservizo deberá ocupar como mínimo o 30% do espazo destinado ao público sempre que a superficie resultante non supere os 150 metros cadrados e teña unha superficie mínima de 30 metros cadrados de sala de vendas.

b) A reforma da fachada da edificación onde se ache o establecemento.

c) A adquisición do mobiliario do local comercial.

d) O rótulo da Rede de Comercio Rural Galego.

e) A adquisición do equipamento preciso para o desenvolvemento da actividade.

4. Quedan expresamente excluídas do ámbito de aplicación desta orde as seguintes actuacións:

a) A reforma ou a rehabilitación de dependencias non relacionadas coa actividade.

b) A adquisición de locais e, en xeral, de bens inmobles.

c) Os gastos de funcionamento da actividade.

As obras e mais a compra de material deben ser executadas segundo o proxecto de obra validado pola Rede de Comercio Rural Galego. Para o cálculo do investimento subvencionable, o orzamento de execución material non será superior a 800 €/m².

Artigo 2º.-Financiamento.

1. As subvencións que se establecen para as actuacións obxecto desta orde serán con cargo á aplicación orzamentaria 08.03.751A.770.4 Rede de Comercio Rural Galego, cun importe máximo de 1.020.000 € para o ano 2010, e isto sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios do artigo 10º.

2. As subvencións consistirán nunha disposición en diñeiro a fondo perdido do 70% do investimento en activo fixo, cun máximo de 60.000 €, IVE excluído.

3. O importe da subvención regulada nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, supere o 100% do investimento subvencionable.

4. As subvencións previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería para os mesmos conceptos subvencionables.

Artigo 3º.-Persoas beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarios/as da subvención, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, os/as comerciantes ou futuros/as comerciantes retallistas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís e comunidades de bens, que teñan capacidade legal para exercer o comercio e se dediquen a el de xeito habitual, de acordo coa definición establecida no artigo 1 do Código de comercio. No caso de sociedades, polo menos un das/os socios/os debe dedicarse de forma habitual á actividade comercial.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As persoas beneficiarias deben ser propietarias do local en que desenvolven ou pretenden desenvolver a súa actividade ou ter unha disposición sobre el, por calquera medio válido en dereito, que permi-

ta realizar o investimento proxectado. Se dispoñen de contrato de aluguer, deben achegar o compromiso do/a propietario/a de que o establecemento se manterá na Rede de Comercio Rural Galego 10 anos.

3. Os/as beneficiarios/as deben cumprir, ademais, os seguintes requisitos:

a) Que desenvolvan ou vaian desenvolver a súa actividade comercial na Comunidade Autónoma galega, de acordo co establecido no artigo 1º destas bases.

b) Que a súa actividade principal estea incluída nalgunha das seguintes agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas:

No caso da actividade comercial:

-647. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en xeral.

No caso da actividade de hostalaría deberán acollerse a algunha das epígrafes incluídas en:

-672. Servizos en cafetarías.

-673. Servizos en bares e cafetarías con e sen comida.

En calquera caso as actividades poderán complementarse coas relacionadas no anexo II desta orde.

c) Que non superen os/as dez traballadores/as.

d) Que a sala de vendas do comercio estea en réxime de autoservizo e teña como mínimo 30 metros cadrados. Así mesmo, deberá ocupar, como mínimo, un 30 % do espazo destinado ao público, sempre que a superficie resultante non supere os 150 metros cadrados.

Os/as solicitantes non poderán estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-Compromisos dos/as solicitantes.

Os/as solicitantes da subvención para a adhesión á Rede de Comercio Rural Galego adquiren os seguintes compromisos:

1. Adherirse á Rede de Comercio Rural Galego, unha vez rematadas as obras e superada a auditoría de comprobación do organismo xestor da rede.

2. Realizar a rehabilitación seguindo o manual de adecuación do local e segundo o proxecto validado pola rede.

3. Presentar a xustificación do investimento ata o 30 de novembro de 2010.

4. Manter o establecemento aberto e en funcionamento durante 10 anos seguindo os requisitos de xestión recollidos nos manuais da rede publicados na páxina web www.comercioruralgalego.eu. (manual de rede, manual administrativo, manual de xestión, manual de márketing, manual de procedemento de

adhesión, manual de atención ao cliente, manual de adecuación do local e manual de imaxe corporativa).

5. Ofrecer os produtos e servizos exixidos pola rede.

6. Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a entidade responsable das auditorías da Rede de Comercio Rural Galego.

Artigo 5º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión da subvención presentaranse na forma e prazo que se indican nos artigos 2º e 3º da orde de convocatoria.

2. Xunto coa solicitude de subvención, segundo o modelo normalizado do anexo III, deberá xuntarse a documentación que a seguir se relaciona, en orixinal ou copia compulsada:

a) Documentación que acredite a personalidade ou a identidade da persoa solicitante, xa que pode ser necesaria para dala de alta no ficheiro de terceiros da Xunta de Galicia se resulta beneficiaria da subvención solicitada.

a.1) Se é unha persoa física, copia compulsada do documento nacional de identidade.

Alternativamente, de acordo co disposto no artigo 2.2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, a persoa solicitante poderá dar o seu consentimento para que o órgano instrutor comprobe os seus datos de carácter persoal, por medio de conexión telemática co servizo horizontal de acceso ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia.

Para estes efectos, a persoa solicitante poderá efectuar a declaración que figura no modelo normalizado de solicitude. No caso de non prestar o seu consentimento, a persoa solicitante deberá presentar fotocopia compulsada do documento mencionado no primeiro parágrafo.

Se a persoa solicitante actúa por medio de representante, documento acreditativo da súa identidade, de acordo co establecido nos dous parágrafos anteriores, así como poder bastante en dereito para actuar en nome e representación dela.

a.2) No caso de persoa xurídica, acta, escritura ou documento de constitución, estatutos e, se é o caso, modificación destes, debidamente legalizados, así como o código de identificación fiscal. A referida documentación deberá acreditar que o seu obxecto social abrangue a actividade para a cal se solicita a subvención.

Así mesmo, presentárase a documentación acreditativa da identidade da persoa que asina a solicitude na súa representación, nos termos establecidos no punto anterior, e poder en dereito bastante para actuar como representante dela.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, observárase o establecido no artigo 3º.1, segundo parágrafo.

b) Copia da escritura de constitución e modificacións posteriores, no caso de ser unha sociedade.

c) Último recibo de cotización no réxime da Seguridade Social correspondente, no caso de estar de alta no momento da solicitude.

d) Certificación expedida pola Axencia Tributaria en que consten as epígrafes do IAE en que está de alta.

e) No caso de apertura de novo establecemento, e de non ter no momento da solicitude o determinado no parágrafo anterior, presentárase o compromiso de alta nalgún dos IAE expostos no artigo 3º segundo o modelo do anexo VIII.

f) Copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto de sociedades do último exercicio ou certificado da Axencia Tributaria de estar exento de presentar o imposto sobre a renda no último exercicio.

g) Declaración de ter coñecemento do sistema de concesión da licenza de uso da marca de garantía Comercio Rural Galego e someterse ás actividades de auditoría e xestión da entidade xestora do selo segundo o anexo IV.

h) Declaración que conteña o compromiso do/a petionario/a, para o caso de que se lle outorgue a axuda, de adherirse á Rede de Comercio Rural Galego e cumprir cos requisitos de xestión dos manuais da Rede de Comercio Rural Galego, segundo o anexo IV.

i) Declaración que conteña o compromiso do/a petionario/a, para que no caso de que se lle outorgue a axuda, de permanecer adherido á rede por 10 anos. No caso de que se peche o establecemento ou de non superarse as auditorías de seguimento da rede antes dos 10 anos, devolverase a porcentaxe correspondente da axuda recibida.

j) Compromiso de realizar a reforma segundo consta no proxecto de obra, que será validado pola Rede de Comercio Rural Galego. Nel deberán recollese e manterse as características arquitectónicas do edificio (anexo IV).

k) Entrega da ficha de recolla de información referente ao negocio ou futuro negocio segundo o modelo do anexo V: idea (produtos e servizos ofrecidos no establecemento), experiencia da promotora ou promotor, gastos e previsión de ingresos, que demostre a viabilidade do proxecto.

l) Documentos gráficos do local que se vai reformar. Fotos interiores e exteriores das instalacións, equipamento e detalle do local. As fotografías daquelas actuacións subvencionables consistentes en reformas de locais e/ou equipamentos comerciais cuxo importe, considerado tanto illada como

conxuntamente, supere os 30.000 €, irán acompañadas da correspondente acta notarial que dea fe do estado en que se achaba o local e/ou os seus equipamentos con posterioridade á data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, debendo presentar, así mesmo, a factura da dita acta.

m) Documentos que acrediten que a persoa solicitante é propietaria do local comercial ou, se é o caso, copia do contrato de aluguer, traspaso, cesión, etc., en que se indique expresamente a posibilidade de realizar reformas no local ou ben autorización expresa do/a propietario/a para realizar reformas no local. Neste caso exixírase tamén compromiso de cesión por 10 anos para que se poida manter adherido ese establecemento o mínimo tempo exixido pola rede.

n) Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, tanto das suxeitas como das non suxeitas ao réxime *de minimis*, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como declaración expresa de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e declaración de axudas en réxime *de minimis*, segundo o anexo VI desta orde.

o) Certificacións expedidas polos organismos competentes acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda, no caso de que o/a solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións.

Como caso xeral, estas certificacións non teñen que ser presentadas, xa que a solicitude da axuda leva consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir os organismos citados no parágrafo anterior.

Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa administración pública correspondente, poderá presentarse o dito documento sen compulsar.

No caso de que a persoa solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

p) Se é o caso, memoria a tanto global onde se detallan os custos previsibles de acondicionamento e adecuación do local aos requisitos da Rede de Comercio Rural Galego. Estes gastos deberán estar validados por un/unha técnico/a da rede.

q) Se é o caso, declaración de compromiso de uso e posterior utilización ao menos da lingua galega nas

relacións coa Administración autonómica, así como en campañas publicitarias, elementos promocionais e na sinalización interior e exterior do establecemento comercial segundo o anexo VII.

r) Documentación acreditativa do número total de traballadores/as da empresa (TC2) do mes anterior á presentación da solicitude ou, se for o caso, certificación da Seguridade Social da inexistencia de traballadores/as.

2. De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación xurídico-administrativa que xa estea en poder desta consellería, sempre que se manteña vixente e se identifique nos formularios de solicitude o ano de presentación e o código de procedemento administrativo para que foi presentada.

No suposto de imposibilidade material de obter a documentación conforme o punto anterior ou se se constatar a súa invalidez, o órgano competente poderá requirir a persoa solicitante para a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 6º.-*Consentimento e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención pola persoa interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar o consentimento, facéndoo constar expresamente no formulario de solicitude, e debe presentar entón as certificacións a que fai referencia este punto.

2. Igualmente, de conformidade co mesmo artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a persoa solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa está en poder da consellería, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a esa documentación.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos/as beneficiarios/as e o importe das subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as beneficiarios/as e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Artigo 7º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Comercio será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, correspondéndolle ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución que proceda.

Artigo 8º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido/a na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 6º.1 resulta que non pode acreditarse que a persoa solicitante se encontra ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, ou no suposto de que sexa necesario presentar documentación, logo de aplicarse o disposto no artigo 35 f) da devandita lei.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os requirimentos citados de emenda ou corrección poderanse facer mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. A dita publicación tamén se realizará no taboleiro electrónico de anuncios da páxina web da Consellería de Economía e Industria a que se remitirá desde o texto publicado no *Diario Oficial de Galicia*, podéndose facer indicación de que os seguintes actos administrativos deste procedemento serán notificados a través do citado taboleiro. Se a instrución do procedemento o aconsellar, o órgano competente poderá substituír esta publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na web pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59 da devandita lei.

3. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, poderá requirirse a persoa solicitante para que forneza cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán ao dispor do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 9º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación da subvención ás persoas interesadas.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Comercio.

b) Vogais:

1º Un/unha xefe/a de servizo.

2º Un/unha técnico/a de Galicia Calidade.

3º Xerente de Galicia Calidade.

c) Secretaría: unha xefe/a de sección da Dirección Xeral de Comercio.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado as persoas solicitantes propostas para obteren a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicárase a contía da subvención para cada un/unha deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. Farase unha lista de solicitantes que quedarán en reserva para ser atendidos ben co crédito que quede libre se se producir algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionables (ou que non cumpran cos manuais de rede), ben co incremento de créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderanse realizar sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 10º.-*Criterios de valoración.*

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, comercial e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na conce-

sión da subvención, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

a) Viabilidade económica do establecemento, demostrada no informe técnico de viabilidade emitido polo organismo xestor do selo Comercio Rural Galego. Puntuación de 1 a 6, sendo necesario un mínimo de 3 puntos.

b) A necesidade do establecemento comercial para o mantemento de servizos nese lugar. Emprégase como indicador o número de habitantes da parroquia, establecementos existentes, distancia aos máis próximos (máximo 4 puntos).

c) A menor idade da/o posible comerciante solicitante da axuda:

-Menor de 40 anos: 2.

-Maior ou igual de 40 anos e menor de 55 anos: 1.

d) Que a solicitante sexa muller (valoración muller 1, home 0).

e) Declaración de compromiso de uso e posterior utilización, ao menos, da lingua galega nas relacións coa Administración autonómica, así como en campañas publicitarias, elementos promocionais e na sinalización interior e exterior do establecemento comercial, segundo o anexo VII, 1 punto (0,5 por cada compromiso).

Artigo 11º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto ás persoas interesadas para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o número anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo/a interesado/a.

Artigo 12º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se for o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe da subvención concedida poderá superar o custo da actividade que vai desenvolver o/a beneficiario/a ou, se for o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecido.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses contados a

partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrer o prazo máximo para resolver sen se ditar resolución expresa, os/as interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o/a beneficiario/a, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* poderá remitirse aos/ás beneficiarios/as a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As resolucións de inadmisión ou desestimación de solicitudes notificaranse individualmente, con indicación das súas causas. Non obstante, poderase substituír a dita notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*, coa indicación de que os/as non beneficiarios/as consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 13º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro desta orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de as persoas interesadas poderen exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 14º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía e Industria despois da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia á persoa interesada nos termos previstos no artigo 11º.

Artigo 15º.-Aceptación e renuncia.

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o/a interesado/a comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e, desde ese momento, adquirirá a condición de beneficiario/a.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo IX, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A persoa interesada deberá xustificar motivadamente a causa da renuncia á subvención.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 16º.-Obrigas dos/as beneficiarios/as.

Son obrigas das persoas beneficiarias:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto no prazo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación semestrais que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal fornecerán canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Proporcionar datos de forma periódica á Rede de Comercio Rural Galego para facilitar o control da evolución dos establecementos adheridos ao selo de calidade.

e) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Acreditar con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

g) Adoptar as medidas de difusión contidas no número 3º do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os/as beneficiarios/as deberán dar adecuada publicidade do carácter público do cofinanciamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da devandita lei. En concreto, as persoas beneficiarias de axudas deberán facer constar o cofinanciamento dos activos adquiridos ao abeiro desta orde de axudas con fondos da Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria. Para isto empregarán adhesivos ou distintivos similares coa inscrición «Proxecto cofinanciado», acompañado do escudo normalizado da Xunta de Galicia coa inscrición «Consellería de Economía e Industria, Dirección Xeral de Comercio».

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-Xustificación da subvención.

1. Para cobrar a subvención concedida, o/a beneficiario/a deberá presentar a seguinte documentación nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria, en orixinal ou copia compulsada, tendo de prazo para presentala ata o 30 de novembro de 2010:

a) Solicitude de libramento da subvención (modelo dispoñible na web da Consellería de Economía e Industria, no enderezo sinalado no artigo 3º.1 da orde de convocatoria).

b) Alta na Seguridade Social.

c) Certificación expedida pola Axencia Estatal Tributaria en que se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dado de alta a/o solicitante, debendo estar de alta como mínimo nas epígrafes sinaladas no artigo 3º.3 b) destas bases.

d) Facturas xustificativas da materialización do proxecto de obra, indicando nelas o concepto, importe sen IVE e importe total, así como documentos xustificativos do pagamento do investimento realizado, con comprobante de pagamento a través de entidade bancaria. Nestas facturas constarán as medicións da obra con detalle de calidade de materiais, marca e modelo e deberán estar certificadas polo organismo xestor do selo Comercio Rural Galego.

Cando a subvención supere os 30.000 € en obra e 12.000 € en equipamento deberá presentar tres orzamentos e presentar facturas polo menor importe dos tres.

Segundo o artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento, a persoa beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o fornezan.

A escolla entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa solicitude da subvención, realizárase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a escolla cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguintes:

1º Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os cales se solicita a subvención, obtidos dos/as provedores/as seleccionados/as polo/a solicitante, con independencia da contía dos investimentos.

2º Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionadas polo/a solicitante para a realización do proxecto.

3º Memoria económica xustificativa da escolla dos provedores, cando a escolla do/a provedor/a non recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo o solicitante, ou cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a escolla do/a provedor/a recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo o/a solicitante.

As ofertas presentadas e os/as provedores/as elixidos/as supoñen unha documentación vinculante para o desenvolvemento do proxecto no caso de ser beneficiario/a da axuda. Non se considerarán subvencionables, parcial ou totalmente, aqueles investimentos dos cales non se presente a documentación económica completa conforme o aquí recollido.

e) Proxecto de obra suficientemente detallado coa memoria de execución material.

f) Informe positivo de auditoría de *Galicia Calidade, S.A.* de cumprimento de manuais, adecuación aos requisitos da rede e adhesión ao selo Comercio Rural Galego.

g) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento en que conste o nome e o NIF do beneficiario, así como o ordinal bancario, o código de banco, código da sucursal e código de conta corrente.

h) Certificacións acreditativas de estar ao día nas obrigas fiscais e da Seguridade Social e de non ter débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia emitidas polos organismos correspondentes, no caso de que o solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións.

i) Xustificante de axudas obtidas ou declaración das solicitadas ou que se prevén obter para a mesma finalidade en calquera outra Administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, indicando a súa contía (anexo VI).

j) Documentación que acredite a publicidade do cofinanciamento segundo o sinalado nestas bases reguladoras no referente ás obrigas das persoas beneficiarias.

2. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

3. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención será o establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-Pagamento.

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de procederen ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada e das condicións establecidas para a súa concesión.

2. O importe anual das subvencións aboarase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria á entidade financeira e número de conta designado pola persoa beneficiaria.

Artigo 19º.-Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se for o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II, Do reintegro de subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime

de infraccións e sancións previsto no título IV da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20º.-Control.

1. A Consellería de Economía e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se for o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 21º.-Publicidade.

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario/a, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que se poderá substituír esta pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Economía e Industria.

Artigo 22º.-Remisión normativa.

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no resto de normativa que resulte de aplicación.

ANEXO II

Relación de epígrafes do IAE compatibles

641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642. Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.

643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.

644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas as clases.

647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

647.3. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas se ache comprendida entre 120 y 399 metros cadrados.

651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.

652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.

652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.

654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.

659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.

659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, relojaría, prataría e bixutaría.

659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.

659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección un surtido relativamente amplo e pouco profundo de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.

662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO III



XACOBEO 2010
Galicia

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA A ADHESIÓN Á REDE DO COMERCIO RURAL GALEGO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN224A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		DNI / CIF	EPIGRAFE IAE
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

ENDEREZO DO ESTABLECEMENTO ONDE SE SITUÁN OS INVESTIMENTOS, LOCALIDADE E PROVINCIA (CAMPO OBRIGATORIO)		
ENDEREZO		
PROVINCIA	CONCELLO	M ² DE SUPERFICIE COMERCIAL
BREVE DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO OU ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR E IMPORTE TOTAL DO PROXECTO		
IMPORTE TOTAL DO PROXECTO		

E na súa representación legal:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
CARGO			

Autorizo a Dirección Xeral de Comercio para:

1. Consultar os meus datos persoais a través dos sistemas de verificación de datos de identidade (artigo 2.2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos):

SI NON

2. Obter de forma directa a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social:

SI NON

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, publique as axudas concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, así como as sancións impostas, na forma en que determine o órgano competente:

SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 3 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhíran á Rede de Comercio Rural Galego. (Código de procedemento IN224A-presentación electrónica).</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ _____ REVISADO E CONFORME _____ _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA <i>Lugar e data</i> _____, de _____ de _____		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

Consellería de Economía e Industria. Dirección Xeral de Comercio.

Edificio administrativo San Caetano s/n, bloque 5-3º andar, 15781 Santiago de Compostela

**DOCUMENTACIÓN QUE O/A SOLICITANTE PRESENTA OU DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA
CONSELLERÍA**

(segundo o artigo 5º das bases reguladoras)

	TELEMÁTICA	PRESENCIAL	CÓD. PROC. NO QUE ESTÁ	ANO
Documentos acreditativos da personalidade ou entidade do/a solicitante (DNI e/ou CIF) e, se é o caso, acreditación da representación con que se actúa	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Copia da escritura de constitución e modificacións posteriores, no caso de ser unha sociedade	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Último recibo de cotización no réxime da Seguridade Social correspondente	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Certificación expedida pola Axencia Tributaria na que consten as epígrafes do IAE en que figura dado de alta o/a solicitante	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Compromiso de alta no IAE, segundo o anexo VIII	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto de sociedades do último exercicio	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Declaración de ter coñecemento do sistema de concesión da licenza de uso da marca de garantía Comercio Rural Galego, propiedade de <i>Galicia Calidade, S.A.</i> , segundo o anexo IV	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Declaración xurada de adhesión á Rede de Comercio Rural Galego e cumprimento cos requisitos de xestión de todos os manuais da Rede de Comercio Rural Galego, segundo anexo IV	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Declaración xurada de permanecer adherido á Rede por 10 anos, segundo o anexo IV	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Compromiso de realizar a reforma segundo conste no proxecto de obra, que será elaborado pola Rede de Comercio Rural Galego. Anexo IV	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Ficha de recolla de información referente ao negocio ou futuro negocio, segundo modelo do anexo V	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Documentos gráficos do local que se vai reformar	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Documentos que acrediten que o/a solicitante é propietario/a do local comercial ou, se é o caso, copia do contrato de aluguer, traspaso, cesión, etc., en que se indique expresamente a posibilidade de que se poidan realizar reformas no local, ou ben autorización expresa do/a propietario/a para realizar reformas no local	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Declaración de axudas, segundo o anexo VI	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Certificados acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda por ningún concepto coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Memoria a tanto alzado onde se detallen os custos previsibles de acondicionamento e adecuación do local aos requisitos da Rede de Comercio Rural Galego	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Declaración de compromiso de uso e posterior utilización, polo menos, da lingua galega nas relacións coa Administración autonómica, así como en campañas publicitarias, elementos promocionais e na sinalización interior e exterior do establecemento comercial, segundo o anexo VII	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Documentación acreditativa do número total de traballadores/as da empresa (TC2) do mes anterior á presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social da inexistencia de traballadores/as	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ANEXO IV

DECLARACIÓN-COMPROMISO PARA OS EFECTOS DO SINALADO NO ARTIGO 5º DAS BASES REGULADORAS

D./Dña. , con DNI nº ,
en calidade de ,
comparece en representación de ,
con CIF .

DECLARA (sinalar cun X o que proceda):

- Ter coñecemento do sistema de concesión da licenza de uso da marca de garantía Comercio Rural Galego.
- O compromiso de respectar o procedemento de concesión, e as actividades de auditoría e xestión da entidade xestora do selo.
- O compromiso de adherirse á Rede de Comercio Rural Galego unha vez que sexa outorgada a axuda.
- O compromiso de cumprir cos requisitos de xestión dos manuais da Rede de Comercio Rural Galego.
- O compromiso de permanecer adherido/a á Rede de Comercio Rural Galego por 10 anos unha vez que sexa outorgada a axuda.
- O compromiso de explotación polo mesmo beneficiario ou a cesión a un prezo acordado coa Dirección Xeral de Comercio.
- O compromiso de realizar a reforma segundo consta no proxecto de obra, validado pola Rede de Comercio Rural Galego.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.:

ANEXO V

MODELO DE FICHA DE RECOLLA DE INFORMACIÓN

IDEA: EXPOÑER OS PRODUTOS E SERVIZOS QUE PENSA OFRECER NO SEU ESTABLECEMENTO
EXPERIENCIA DO/A PROMOTOR/A
GASTOS 2010
PREVISIÓN DE INGRESOS 2010

ANEXO VI

DECLARACIÓN DE SUBVENCIONS OU OUTRAS AXUDAS PÚBLICAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DA SOLICITUDE E DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIONS DE GALICIA

D./Dña. _____, con DNI nº _____, en calidade de _____, comparece en representación de _____, con CIF _____,

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas, **DECLARA** o seguinte (sinalar cun X o que proceda):

1) Axudas solicitadas e/ou concedidas non suxeitas ao réxime *de minimis*.

- Non ter solicitado outras axudas para o proxecto obxecto da solicitude.
- Ter solicitado axudas e subvencións dos organismos que se mencionan a seguir para o obxecto da solicitude:

CONVOCATORIA ⁽¹⁾	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE ⁽²⁾	S/C/P ⁽³⁾	DATA	IMPORTE €

2) Axudas solicitadas e/ou concedidas suxeitas ao réxime *de minimis* nos anos 2008-2009-2010.

- Non ter solicitado outras axudas suxeitas ao réxime *de minimis* para o proxecto obxecto da solicitude.
- Ter solicitado axudas suxeitas ao réxime *de minimis* dos organismos que se mencionan a continuación para o obxecto da solicitude:

CONVOCATORIA ⁽¹⁾	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE ⁽²⁾	S/C/P ⁽³⁾	DATA	IMPORTE €

- ⁽¹⁾ Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.
- ⁽²⁾ De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.
- ⁽³⁾ Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

Así mesmo, comprométo-me a comunicar á Dirección Xeral de Comercio calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade a esta declaración e, en todo caso, antes do cobramento da/s axuda/s correspondente/s a esta solicitude. Igualmente, declaro baixo a miña responsabilidade non estar incursado/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas conforme o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.: _____

ANEXO VII

DECLARACIÓN - COMPROMISO PARA OS EFECTOS DO SINALADO NO ARTIGO 5º DAS BASES REGULADORAS

D./Dña. [REDACTED], con DNI nº [REDACTED],
 en calidade de [REDACTED],
 comparece en representación de [REDACTED],
 con CIF [REDACTED].

DECLARA (sinalar cun X o que proceda):

- O compromiso de uso e posterior utilización da lingua galega, cando menos, en campañas publicitarias, elementos promocionais e sinalización interior e exterior do establecemento comercial.
- O compromiso de utilización da lingua galega, cando menos, en todas as relacións que o/a interesado/a manteña coa Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 6.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.: [REDACTED]

ANEXO VIII

DECLARACIÓN - COMPROMISO PARA OS EFECTOS DO SINALADO NO ARTIGO 5º DAS BASES DA ORDE

D./Dña. [REDACTED], con DNI nº [REDACTED],
 en calidade de [REDACTED],
 comparece en representación de [REDACTED],
 con CIF [REDACTED].

DECLARA (sinalar cun X o que proceda):

- O compromiso de alta no IAE correspondente coa actividade comercial (647) e hostalaría (672 e/ou 673) segundo o artigo 3º da orde.

E para que conste, aos efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.: [REDACTED]

ANEXO IX

MODELO DE RENUNCIA

D./Dña. , co DNI nº ,
actuando en nome e representación da entidade ,
que ten o seu enderezo en .

MANIFESTA:

Que o día (incluírase o texto «publicouse no *Diario Oficial de Galicia*» no caso de que as concesións se vaian publicar nese diario ou «recibiu a notificación» no caso de que as notificacións daquelas se vaian facer individualmente) a concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do , pola que (especificar o título da orde), con código de procedemento IN224A, para o proxecto , por unha contía de euros

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugar e data
_____, de _____ de _____

Asdo.:

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 21 de maio de 2010 pola que se convocan para o exercicio do ano 2010 as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e o desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade e/ou outras medidas municipais de conciliación.

A Constitución española no seu artigo 9.2º establece que lles corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica e social.

Así mesmo, no seu artigo 14, a Constitución española reconece que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

No que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, sinala que lles corresponde aos poderes públicos galegos promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

Atendendo a estes mandatos, elaborouse a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. O seu título VI prevé a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación, entendidas como aquelas adoptadas polos concellos coa finalidade de facilitaren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras.

O Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, recolle entre as clases de medidas municipais de conciliación de promoción autonómica: os bancos